

R E V I S T A O R A L

O PAZO DAS MUSAS

Nº 3 / 29 de setembro de 2005

Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo dependente da Excm. Deputación Provincial de Lugo. Hora: **20 horas**. Lugar: **Refectorio do Museo Provincial de Lugo**. Duración aprox.: **1,30 h**.

Deseño gráfico e animación dixital: **Javier Huerga García**. Coordina: **Antonio Reigosa**.

Este número especial da revista oral *O pazo das musas* pretende divulgar e apoiar a **Candidatura para o recoñecemento por parte da UNESCO da Tradición Oral Galego-Portuguesa como *Obra Mestra do Patrimonio Oral e Intanxible da Humanidade***.

A vontade das persoas e agrupacións que interveñen neste monográfico súmase á de moitas institucións, asociacións e entidades que colaboran con este proxecto para acadar a aneiciada declaración co obxectivo de que este patrimonio se difunda, se poña en valor e se salvagarde para o futuro.

SUMARIO

Música

Xota lucense, á trompa por **Emilio do Pando**". (2')

Vídeo promocional da Candidatura

As Tradicións Oraís Galego-Portuguesas. (10')

Presentación

Folclore e folclorismo, por **Xosé Manuel González Reboredo**. (10')

Cancioneiro

Adelaida, romance recollido o ano 2004 por *Cantar das eiras* a **Josefa Viña Castelo**, de Recelle, Portomarín (Lugo).

Intérpretes: **Cantar das eiras**. (2')

A Candidatura: Alicerces

Patrimonio Inmaterial: Cultura sen fronteiras, por **Xabier Prado**. (5')

A Candidatura: Ponte nas Ondas

Ponte Nas Ondas: Comunicação sem fronteiras, por **Mª de Lourdes Carita**. (5')

A tradición oral vive

Tres casamentos nun día, romance de cego recollido de boca da recitadora polo *Equipo Chaira* o ano 1992 en Labrada, Abadín (Lugo), por **Elva Requeijo**. (3')

A tradición oral recreada

A princesa que non ría, conto da tradición oral publicado na colección Cabalo Buligán, nº 6, de Edicións Xerais, por **Antonio Reigosa**. (7')

Cancioneiro

Canto de Segá, recollido o ano 2001 por *Cantar das eiras* a **Dolores López Vázquez**, de S. Mamede de Belaz, Portomarín (Lugo).

Intérpretes: **Cantar das eiras**. (3')

A Candidatura: Características

Características da Candidatura presentada á UNESCO, por **Xabier Prado**. (5')

A Candidatura: Obra Mestra da Humanidade

Vantagens da proclamação como Obra Mestra da Humanidade pela UNESCO, por **Mª de Lourdes Carita**. (5')

COLABORAN NESTE NÚMERO

Cantar das Eiras

Grupo de cantadeiras formado en Lugo o ano 2004 por **Violeta Núñez, Lucía Pereira, Sara Pérez, Sabela Quijada e Vanessa Tella**, todas con experiencia previa noutros grupos folklóricos. O seu repertorio é amplo,

A tradición oral pervive

Xerineldo, romance cabaleiresco recollido de boca da recitadora polo *Equipo Chaira* o ano 1992 en Labrada, Abadín (Lugo), por **Elva Requeijo**. (3')

Música

Xota roubada, á trompa por **Emilio do Pando**". (2')

A tradición oral por descubrir

As zapatillas gastadas, conto tradicional recollido a **Enrique Díaz**, de Vilarpiñol, A Fonsagrada (Lugo), adscrito a un tipo non rexistrado ata o de agora en Galicia, por **Xoán R. Cuba** do *Equipo Chaira*. (5')

Cancioneiro

Jota, recollida o ano 2004 por *Cantar das eiras* a **Josefa Viña Castelo**, de Recelle, Portomarín. (Lugo). Intérpretes: **Cantar das eiras**. (2,5')

A tradición oral anovada

Remoldiño, recreación en verso de **Xoán R. Cuba** dun conto recollido a **Manuel López Díaz** en Candelos, A Fonsagrada (Lugo) polo *Equipo Chaira* en 1999, por **Clara Reigosa Lombao**. (2')

O carro e o home (1940)

Filme do cineasta ourensán **Antonio Román**, con guiño de **Xaquín Lorenzo**. Narra o proceso de construción dun carro do país na aldea de Facós, concello de Lobeira (Ourense). (10')

Opinión

Intervención libre do público asistente. (5')

Manifesto

Manifesto do Museo Prov. de Lugo, por **Encarna Lago**. (3')

Música

Muiñeira dos Pontinos, á trompa por **Emilio do Pando**". (2')

procedente de recolla propia ou doutros grupos, e abrangue desde o romanceiro e o cancionero tradicionais, de temáticas moi variadas, jotas, pasodobres, muineiras, cantos de festa, de labor, de amor e do ciclo do Maio, de Nadal ou Reis. As veces acompañanse con instrumentos de percusión como as pandeiretas, latas, pandeiros, cunchas... e poñen en escea vestimentas respetuosas coas formas tradicionais, axeitadas aos temas que interpretan. Grupo de recente formación que aporta ao mundo da música tradicional de Galicia a necesaria renovación para que a tradición se manteña viva.

Carita, M^a de Lourdes.

Marvão, Portalegre, 1946. Coordinadora da Candidatura a Patrimonio Oral e Imaterial da Humanidade das "Tradições Oraís Galego-Portuguesas. Licenciada em Filologia Românica pela Universidade Clássica de Lisboa e profesora na Escola Secundária de Valença. Em 1987 assumiu o cargo de Leitora de Português na Universidade de Santiago de Compostela e logo na da Corunha. Obteve a qualificação de Formadora de Professores (1998) e tem ministrado cursos para Professores no Centro de Formação do Alto Minho, Monção. Sob o patrocínio do Instituto Camões publicou na Editora Laidvento de Santiago em 1996, o manuscrito inédito (que, entretanto, descobriu na Torre do Tombo) da Viagem que Fialho de Almeida fez à Galiza em 1905, livro reeditado pelo semanário "O Independente", de Lisboa (2001). Com o apoio do Instituto de Inovação Educacional publicou *Falsos Amigos Entre o Português e o Espanhol* e colaborou com artigos sobre escritores portugueses na publicação da *Histoire de la Littérature Européenne*, editada pela Hachette, Paris (1992).

Cuba, Xoán Ramiro

Lugo, 1958. Traballa no Museo Provincial desde 1984. Escritor e investigador da tradición oral de Galicia. Creou con O. Carnero, M. Salvador e A. Reigosa o Equipo Chaira. Participou en tódolos proxectos, traballos de campo, de arquivos e publicacións realizadas por este equipo dende 1992. Co Equipo Chaira, con X. Miranda e A. Reigosa, e en solitario, é autor de vinte libros (*Polavila na Pontenova*, *Diccionario dos seres míticos galegos*, *Contos colorados* e dez volumes da colección *Cabalo Buligán*), de varias dúcias de traballos que viron a luz en xornais e publicacións especializadas. O seu libro *O caracol Remoldiño*, obtivo neste ano 2005 o *Premio Lecturas* da Asociación Gáliz.

Emilio do Pando

Emilio Pérez Álvarez, Emilio do Pando, carteiro xubilado da Fonsagrada (Lugo), é referente indiscutible para todo aquel que queira coñecer a música daquela comarca. Gaiteiro ilustre, tocador de trompa (trompa galega, birimbao, arpa de boca, guimbarda, arpa xudea...), foi quen introduciu a músicos e grupos de música tradicional como Milladoiro ou Luar na Lubre no saber e nas músicas da súa zona. Imparte cursos e participa en recitais en Galicia, España e Portugal.

González Reboredo, X. Manuel

Lugo, 1946. Catedrático de Xeografía e Historia no Instituto "Rosalia de Castro" de Santiago de Compostela. Pertence a institucións como o Museo do Pobo Galego, a Sección de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega, o Consello de Cultura da Excm. Deputación Provincial de Lugo, o Consello Editorial do Proxecto Galicia (Hércules de Edicións), o Consello Consultivo da Gran Enciclopedia Galega, e á Academia Galega no grado de correspondente. Na súa actividade como etnógrafo fixo traballo de campo en diversas comarcas de Galicia e na zona occidental de León. Publicou varios libros e máis dun cento de artigos, participou en simposios e congresos de Galicia, España e Portugal. Na provincia de Lugo coordinou estudos sobre a cultura rural de Navia de Suarna, recolleu datos sobre o Entroido da Ribeira Sacra e Pobra do Brollón, así como lendas e outros datos etnográficos no Incio, Guitiriz, etc. É asesor etnográfico da Candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués para súa proclamación como Obra Mestra da Humanidade pola UNESCO.

Lago González, Encarna

Nacida en Barcelona, instálase definitivamente en Pedrafita do Cebreiro en 1970. Despois de diversas ocupacións comeza a traballar na área de didáctica do Museo Provincial de Lugo en 1991. Desde 1999 ocupa o cargo de Xerente deste museo, tendo como obxectivo e lema da súa xestión *un museo para todos*.

Prado Orbán, Xabier

Ourense, 1956. Profesor de Física e Química dende 1983, agora no IES "Pedra da Auga" de Pontearreas. Coordinou o Programa Sócrates "A Prensa: Medio de Comunicación entre Escolares" no Curso 97/98 entre centros de España, Francia e Alemaña, así como o traballo "Educación Intercultural no Ensino Secundario", premio á Innovación Educativa na Educación para a Paz (1998). É autor da Unidade Didáctica para a Educación Intercultural "Interlinguas", nos Encontros Intern. de Educación para a Paz, Santiago (1994); Vermont (1995); Graz (1996); París (1997), da Unidade Didáctica Interdisciplinar "A Relatividade", seleccionada para a Semana Europea de Ciencia e Tecnoloxía "Physics On Stage" organizada pola Axencia Espacial Europea (ESA) no CERN de Ginebra (2000), autor e Coord. Internacional do Proxecto "YoGoTe" para a Comunicación Internacional con Signos Universais (www.yogote.org) ante a Comisión de Educación do Parlamento Latinoamericano, A Habana (2002), e na Conferencia Interparlamentaria Latinoamericana de Cultura, Sao Paulo (2004). Vicepresidente da As. Cultural e Pedagóxica "Ponte... Nas Ondas!"

Reigosa, Antonio

Mondoñedo, 1958. É membro de Chaira, xunto a X. Cuba, M. Salvador e O. Carnero, grupo dedicado a traballos de recompilación, investigación e divulgación de literatura oral coma o recentemente publicado *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín*. Autor ou coautor de libros coma o *Diccionario dos seres míticos galegos*, *Contos colorados*, *Pequena mitoloxía de Galicia* ou a colección *Cabalo buligán*, *Memorias dun raposo*, *Resalgarío* e *Bacoriño*.

Reigosa Lombao, Clara

Lugo, 1996. Comezo 4º de E. Primario estes días. Gústame ler e, de vez en cando, escribo algún conto. Cando sexa grande quero ser profesora ou... xa veremos! Aínda queda moito!

Requeijo, Elva

Reside no barrio das Basilias, Labrada, Abadín (Lugo). Dedícase aos labores agrícolas e domésticos, e sempre gustou, desde moi nova, de aprender e recitar todo canto lía ou chegada aos seus oídos. Lembra con especial agarimo as "historias", follas impresas que se vendían na feira de Gontán. Cando ela non as conseguía, pedíaas prestadas, e no que pasa unha tarde alindando as vacas memorizabaas e xa non as esquecía. Foi unhas das principais informantes do Equipo Chaira como se pode comprobar en *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín*. Dela dise nesta publicación "A achega a esta colección de Elva Requeijo é altamente significativa, cuantitativa e cualitativamente... A ela e á súa extraordinaria memoria debemos varias longas composicións...".